

O meu momento

O 12 de agosto o tempo parou durante dous minutos. Ninguén máis pareceu darse conta, pero eu si. As follas quedaron suspendidas no aire, a auga da fonte detívose a medio caer e un sorriso conxelouse na cara de Ivan.

Ao principio pensei que era un soño. Logo, vin o reloxo: as agullas inmóbiles, e ahí dime conta, era o meu momento.

Aproveitei para achegarme a el, sempre fun unha cobarde, pero aquel silencio absoluto deume valor. Mireino de preto, e susurrei o que nunca me atrevín a dicir en voz alta.

Cando o tempo volveu correr, Ivan pestañeou e sonrioume como si nada.

Nome: Paula Cebreiro Carballo - 4º ESO